

21° 03' 08"

O ruído do frigorífico
perforaba a noite
e os miles de buratos resultantes
conferíanlle ao silencio
unha textura imposible de rocha calcárea.

Baixo as súas alas
Magui sentíao lonxe, moi lonxe.

As súas costas contra o seu peito
reflectidas dende outro planeta.

Alguén prendera a luz das escaleiras.

Os catro minutos e vinte segundos que durou o día marcado polo temporizador
servíronme para distinguir
na penumbra e baixo as alas
que non só ti estabas lonxe.

39° 57' 04"

Os destellos prateados

cortaban o mar en cen follas de obsidiana,

sucábanlle as meixelas

deixando un rastro evidente sobre a superficie.

Non aparecera o mar entre as letras

ata que os mollou a primeira onda.

Os dentes de luz

tinguiran a noite

deixando un rastro de ave fénix

e purpurina abrasiva.

Cando non estás

sinto que non te coñezo.

90° 0' 0" : oitavo xiro de cilindros

Percorro cada esquina da túa cidade
só por demostrar que existo.

Descólgome en cada cabina
e só por demostrar que existo
provoco sinapses a punta de pistola.

Cada eco
de cada teléfono
só me devolve o mesmo son de deshabitabilidade.

Percorro cada esquina da túa cidade
só para demostrarme que ti segues xogando
a chamar aos números das cabinas.

Descólgome en cada unha delas
e só para demostrarme que ti segues xogando
busco rostros tralos reflexos que miran á rúa.

Servírame
para inferir
o teu espazo en anos luz.

Eu,

si xogo a chamar aos números das cabinas

pero só algúns taxistas recollen o eco da deshabitabilidade.

Por iso preciso

cortar de cando en vez unha rosa do Castro

e demostrarme que existo

pintando con sangue branco

cada cabina

ao deixar caer nela

catro pétalos feridos con catro espiñas,

unha por cada día de ausencia.

Caleidoscopio